

**SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO  
E INFRAESTRUTURAS**

Judith Sing Jackson, en representación da Asociación Ecoloxista Amigos da Terra, e con enderezo a efectos de notificación na rúa Concordia, 20. Ourense

EXPÓN,

Que dentro do período de exposición pública do Documento de Inicio para a elaboración do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 (código 0914/2009) presenta as seguintes

ALEGACIÓNS:

- PRIMEIRA: na análise da realidade dos residuos en Galiza, podemos tirar como conclusións que os principais problemas son o incremento continuado da xeración dos residuos que leva parello o segundo problema, que é o da saturación das instalacións existentes. Atendendo a isto, e como consideración xeral, calquer Plan de residuos desde a óptica da sustentabilidade non se deberá centrar só nas infraestructuras, senón que deberá actuar fundamentalmente sobre os procesos de xeración de lixo, e empregando ferramentas de intervención social e económica (participación social, programas serios de educación ambiental, medidas lexislativas de obrigado cumprimento por parte de produtores e grandes distribuidores...).
- SEGUNDA: En relación coa importancia da Educación Ambiental como ferramenta de xestión no futuro Plan de residuos, incluimos unha análise e unha serie de recomendacións no ANEXO I
- TERCEIRA: No tocante á participación cidadá, e os diferentes xeitos de entendela, no ANEXO II achegamos a nosa valoración e propostas a considerar no futuro Plan.
- CUARTA: consideramos que o obxectivo de recuperación de material orgánica para o 2020 debería ser aumentado do 25 a (como mínimo) o 40%. Aliás, o obxectivo de

recuperación material global (considerando o conxunto das diferentes fraccións dos RSU) do Plan para o ano 2020 debería marcar (como mínimo) o 65%, igualando os resultados de recuperación que se están a conseguir no modelo do Barbanza.

- QUINTA: considerando que no último ano, sen ter investido un só euro en medidas de redución, a xeración de residuos per cápita caíu un 2% a un 3%, o obxectivo de redución do plano para o ano 2020 debería ser (como mínimo) do 20%, pois é de esperar que unha verdadeira aposta, pola redución, pondo medios e investindo o axeitado dea os seus froitos.

- SEXTA: do mesmo xeito que existe uns obxectivos cuantitativos para a reciclaxe de cada fracción, o Plan debería incluír uns obxectivos de redución desglosados para cada unha das fraccións, e especialmente maiores no caso dos envases lixeiros, puidéndose acadar durante o periodo de vixencia do plan unha redución desta fracción de alomenos un 30% (e entre eles, cara a redución de envases compostos dificilmente recuperábeis, como os tetrabricks).

Neste desglose, non sería preciso engadir a fracción vidro, proque se entende que se apostamos por unha redución real dos envases lixeiros, a aposta debe de ser esta, implantando para xestionar estes residuos, Sistemas de Devolución, Deposito e Retorno.

- SÉPTIMA: o documento de inicio non fai ningunha referencia aos sistemas de retorno de envases que existen no territorio galego (principalmente vidro retornábel no ámbito da hostelería), nen tampouco marca obxectivos no ámbito da reutilización. A descrición da situación dos residuos en Galiza deberíase completar cun estudo de avaliación da importancia destes ciclos de reutilización, e acorde con eses datos deberían marcarse uns obxectivos de reutilización. Non hai que esquecer que a reutilización, constitúe o segundo paso na xerarquía da xestión dos residuos, primando antes esta que a valorización material


- OITAVA: entre os obxectivos do Plan figura (sen indicar unha porcentaxe) “Incremento da Valorización Enerxética”. En relación a isto, queremos expresar que dacordo coa directiva 2008/98 marco de residuos da UE (que determina mediante unha fórmula en que condicións a incineración pode ser considerada valorización de residuos) a situación da planta de SOGAMA, co seu baixo rendemento enerxético (ver

táboa e gráfico) non pode ser considerada valorización; polo que calquer aposta por unha ampliación de SOGAMA (ou construción dunha outra planta de semellantes características) suporía apostar por un tratamento de “eliminación” e subvertiría a xerarquía de opcións de xestión marcada pola propia Directiva 2008/98: Prevención da xeración e redución → Preparación para a reutilización → Reciclaxe → Outros tipos de valorización → Eliminación.

**Balance enerxético SOGAMA (elaborado a partir de datos das Memorias Ambientais dos anos 2006 e 2007 da propia empresa)**

<b>Evolución consumo/xeración enerxía SOGAMA (MWh)*</b>			
<b>ANO</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>
Consumo	578574,67	568417,73	524905,49
Xeración	491762,29	485056,16	499513,76

\*Excluindo consumos das plantas de transferencia



- NOVENA: dado o exposto no punto anterior, e considerando que o principal recurso dos residuos son as materias primas que se poden tirar deles, solicitamos a eliminación do obxectivo de valorización enerxética.

- DÉCIMA: o Plan artéllase en 3 eixos principais: Persoas, Xestión e Infraestruturas. No tocante ao apartado 1, consideramos que debería modificarse tanto no seu nome como no seu alcance. Propomos que pase a chamarse “Produción e Consumo” e que inclúa, alén das liñas expresadas no documento de inicio (centradas no ámbito individual) medidas de actuación sobre o mercado, incluíndo o concepto de Responsabilidade empresarial; a responsabilidade respecto á redución no consumo é en parte da cidadanía, pero en grande medida das empresas que producen con excesos de embalaxes. É preciso crear medidas efectivas para as empresas, que obriguen ás mesmas a producir cuns envases mínimos; e para evitar problemas de competencia que poidan desfavorecer ó pequeno comercio, pedimos que estas medidas sexan de obrigado cumprimento e igualitarias para o sector comercio en xeral.

Propoñemos como medida para lograr este fin a implantación de liñas de asesoramento a empresas para a eficiencia productiva (aforro de materiais e redución na xeración de residuos no proceso de fabricación, utilización de materiais facilmente reciclables), o establecemento de obrigas de dispor produto fresco a granel en tendas, supermercados e grandes superficies, ou a prohibición do uso de publicidade de envases como “gancho” para a venda de produtos.

- UNDÉCIMA Dentro do apartado 6.11 Necesidade de mellora da implantación e funcionamento dos puntos Limpos. Consideramos que estas instalacións constitúen non so un instrumento de recuperación para tratamento de residuos, senón potenciais equipamentos ambientais, servindo como centro de asesoramento, educación e prevención sobre residuos, ademais de poder crear redes de intercambio, a través de unidades móbeis, que alonguen a vida dos produtos.

- DUODÉCIMA: dentro do apartado 7.2 de Criterios de deseño do Plan, propomos que se inclúa un novo punto, complementario ao de “Proximidade e Autosuficiencia”, chamado “Xustiza Social”, este punto implicaría que cada área de Galiza deberá ser responsábel da xestión e tratamento dos residuos que xera, evitando que áreas rurais que están a sufrir unha crise social importante (abandono, envellecemento da poboación, migración cara zonas urbanas) teñan que soportar tamén o impacto ambiental dos residuos xerados polos principais polos económicos galegos.

- DECIMOTERCEIRA: tamén dentro do apartado 7.2, propomos que no punto “Mixticidade e complementariedade de Modelos de xestión” se explicita que sexa cal for o modelo elixido, ten obrigatoriamente que cumprir coa xerarquía de opcións de xestión marcadas pola Directiva 2008/98 (ver alegacións OITAVA e NOVENA).

- DECIMOCUARTA: dentro dos escenarios alternativos que se consideren (alternativa 0, alternativa do Plan de residuos que se propoña desde a Xunta), solicitamos que se considere un modelo alternativo que reúna as seguintes condicións:

- Un 10% dos investimentos económicos dirixidos cara medidas de redución e reutilización (incluíndo programas de educación ambiental, aplicación de modelos participativos reais, medidas de actuación sobre o mercado e as sobreembalaxes, creación dunha Axencia da Redución e a Eficiencia e favorecemento mediante incentivos económicos dos ciclos de retorno de envases).
- Un modelo de recollida húmido/seco (priorizando a recolla da materia orgánica sen impurezas) aplicando sistemas porta-a-porta a todo o sector comercial e aos fogares nas áreas onde sexa posíbel.
- Unha organización territorial descentralizada (con 30 ou 40 áreas de xestión, procurando que non superen as 15000 Toneladas anuais de residuos).
- Onde a materia orgánica se trate através da compostaxe aerobia, ben con sistemas industriais ou con modelos de compostaxe domiciliaria.

- DECIMOQUINTA: entre os indicadores empregados para valorar cada unha das opcións nos balances ambientais, pedimos que no balance enerxético se considere tamén a enerxía incluída dentro dos propios residuos.

- DECIMOSEXTA: solicitamos tamén que para a valoración de cada unha das alternativas se inclúa tamén un punto de “Valoración de cumprimento das xerarquías de xestión”. Este punto consistirá nun desglose da cantidade de euros a investir por tonelada de residuos para cada un dos pasos da xerarquía (€/Tm lixo reducido; €/Tm lixo reutilizado; €/Tm lixo reciclaxe/compostaxe; €/Tm lixo incinerado/depositado en vertedoiro).

- DECIMOSÉPTIMA: solicitamos tamén que se inclúa un criterio de seguimento dos obxectivos e cumprimento do plan, que é unha estima da evolución (anual, bienal) da porcentaxe de establecementos de alimentación que dispoñen de produtos a granel, desglosados por tipoloxías (ultramarinos e similares, supermercados, hipermercados e grandes superficies).

- DECIMOITAVA: dentro da comparación entre modelos de xestión e posibles alternativas, solicitamos a análise das externalidades ambientais para valorar e cuantificar a rendabilidade, eficiencia e eficacia do modelo SOGAMA e que se utilice como baremo de comparación entre as alternativas que valoren: enerxía, contaminación de auga, contabilización de emisións de GEI, etc.

E ante todo o exposto, SOLICITA

- Que as presentes alegacións ao Documento de Inicio do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 sexan consideradas para a elaboración do Documento de Referencia

- Que o colectivo ao que represento (composto polos grupos ADEGA, ADENCO, APDR, Asemblea do Suído, CES, Coto do Frade, GN Hábitat, Guerrilleiros das Fragas, Luita Verde, MEL, Naturviva, Néboa, Niño do Azor, Oureol, Xevale, Vaipolorío e Verdegaiia) sexa informado dos seguintes pasos de elaboración do devandito Plan de residuos e, de ser posíbel, recibamos resposta do rexeite/admisión de cada unha das alegacións presentadas.

En Santiago de Compostela, a 17 de Setembro de 2009.

Asdo.: Celestino Quintela Sabarís

Secretario da FEG

# ANEXO I: CONSIDERACIÓNS SOBRE EDUCACIÓN AMBIENTAL COMO FERRAMENTA DE XESTIÓN

## Aspectos xerais:

Cómpre destacar en primeiro lugar, o feito de que os capítulos 4 (diagnose da situación actual) e 5 (conclusións da diagnose e definición de primeiras liñas estratéxicas), ignoran por completo a análise da compoñente educativa e participativa na diagnose das características e consecuencias do actual modelo de xestión de residuos.

Que se estean a producir máis residuos; que se avance na recollida de viro, pero non en papel e envases; que haxa unha elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica; ou que sexa necesario mellorar a implantación e funcionamento dos Puntos Limpos non son cuestións que dependan unicamente da existencia de contedores ou da xestión específica que se faga dos mesmos (que tamén). Se non se implica á cidadanía na toma de decisións, a través de procesos participativos, nin existen campañas de Educación Ambiental que informen e capaciten á cidadanía para unha correcta xestión dos residuos pois entón é difícil que esta mesma cidadanía, por ciencia infusa, vaia saber o que ten que facer.

Se non coñecemos si se están a desenvolver campañas educativas ou, si se desenvolven, non sabemos en que están centradas e con que recursos están desenvolvéndose, dificilmente poderemos facer unha diagnose correcta sobre a xestión dos residuos en Galicia.

Curiosamente, no capítulo centrado nos Obxectivos do plan (nº6), aparecen recollidas as necesidades de incluír ferramentas para capacitar aos cidadáns e modificar os seus comportamentos<sup>1</sup>; aínda que posteriormente, estas alusións desaparecen no momento en que especifican os obxectivos do PXRUG

---

<sup>1</sup> O VI Programa Marco Medio Ambiente, inclúe, ademais, as ferramentas para **capacitar aos cidadáns e modificar os seus comportamentos**, necesidade que debe ser recollida tamén no PXRUG. É imprescindible mellorar o acceso e a calidade da información que se ofrece aos cidadáns e preparar instrumentos prácticos a nivel rexional ou local que lles permitan avaliar e comparar o rendemento ecolóxico do seu comportamento, así como proporcionar información que permita aumentar devandito rendemento, neste caso, os hábitos e actitudes orientados á prevención ou á recollida selectiva (pp. 44)

Novamente, no capítulo 7 faise unha fervorosa exaltación do papel das persoas, e o papel que xogamos en todas e cada unha das fases da xestión dos residuos. Incluso chega a afirmarse que:

*Resulta obvio, pois, que o primeiro e maior apartado do novo Plan teña como eixo principal desenvolver os instrumentos necesarios para conseguir os obxectivos de prevención e valorización a través da colaboración das persoas, xa sexa de forma individual (EIXO 1) ou formando parte das organizacións relacionadas coa xestión (EIXO 2).*

*Así, no Eixo 1 do Plan, primásense todas aquelas actuacións encamiñadas a permitir a participación, en todos os ámbitos de xestión, das persoas, como se dixo factor crave no éxito ou fracaso do modelo de xestión de residuos escolleito. Neste apartado atoparíamos, por exemplo, as medidas de fomento do autocompostaxe, as medidas económicas para fomentar certas conductas ou as actuacións de participación e educación ambientais básicas para o éxito do novo PLAN.*

Así mesmo, moi razoablemente, alértase da necesidade de interaccionar a política de educación ambiental coa de residuos

*Política de educación (ou educación ambiental): a política xeral de educación debería incorporar os elementos de información, formación e educación ambiental incluídos no PXRUG, para traballar de forma coordinada e crear as sinerxías necesarias para un correcto desenvolvemento dos obxectivos.*

Sen embargo, no proceso de elaboración do novo Plan, tan só se fai alusión ao *Desenvolvemento de Instrumentos de Comunicación e Educación Ambiental*, como un apartado máis do punto 2 (concretamente o 2.7), *Elaboración e desenvolvemento de novas propostas*; ignorando, tal e como xa se fai neste documento de inicio, á *Educación Ambiental* no punto 1 (*Actualización da Revisión do estado de execución de Plan*) e no punto 3 (*Indicadores de seguimento*).

## **Algunhas consideracións sobre a actual situación da Educación Ambiental**

No marco do proxecto de investigación denominado *Proxecto Fénix (Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental)*, financiado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible durante os anos 2006 e 2007, constatouse un feito que, dende o noso punto de vista, afecta directamente á xestión dos residuos na nosa comunidade.

Un dos obxectos de estudo deste proxecto de investigación foi a Educación Ambiental que estaba a desenvolverse nos concellos galegos, aplicándose para a recollida da información un cuestionario co que puidemos coñecer que tipo de actividades, programas e campañas estaban a desenvolver os concellos da nosa comunidade.

Como conclusión xeral, despois do estudo dos resultados, despréndese que, a pesar do esforzo que moitos concellos están a realizar na posta en marcha e execución de medidas dirixidas ao desenvolvemento da Educación Ambiental, estas iniciativas están considerablemente desvinculadas da problemática ambiental dos propios concellos, constatándose o feito de que a Educación Ambiental non é percibida como unha ferramenta para a xestión ambiental.

Porén, cómpre destacar que quizais sexa os residuos a única temática que conta cunha atención xeralizada nos concellos galegos; o que nos leva a pensar que, á vista da diagnose en separación das distintas fraccións e o aumento da produción de residuos, algo non se está a facer ben.

Algunhas explicacións:

- Existen poucos medios. As partidas orzamentarias destinadas á Educación Ambiental son mínimas na meirande parte dos concellos galegos
- Hai pouco persoal especializado. O 75% dos concellos NON contan con persoal especializado ou con nocións e capacidades suficientes para optimizar as iniciativas de Educación Ambiental.
- Os destinatarios/as están errados. Fanse moitas actividades relacionadas cos residuos pero case todas con escolares, deixando completamente desatendidos aos sectores da poboación máis directamente implicados na produción e xestión dos residuos.

Entendemos que o Plan de Xestión de Residuos ten que contribuír a mitigar estas eivas, proporcionando os recursos económicos e educativos necesarios para unha correcta xestión ambiental.

## **ANEXO II: ALGUNHAS CONSIDERACIONES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS PARTICIPATIVOS**

### ***Que entendemos por participación?***

Entendemos a participación no eido ambiental como *todo proceso de implicación directa das persoas no coñecemento, valoración, prevención e corrección de problemas ambientais*<sup>2</sup>.

Á vista desta definición, **consideramos que os procesos participativos no marco da Participación ambiental poden articularse como unha busca de alternativas aos procesos convencionais de toma de decisións, é dicir, unha busca de novas formas de xestionar, de novas formas de decidir**<sup>3</sup>.

A día de hoxe, a meirande parte dos procesos pretendidamente participativos impulsados polas distintas administracións límitanse a ser exclusivamente informativos<sup>4</sup> –procesos nos que a administración se limita a proporcionar información sobre as decisións e accións a desenvolver ou desenvolvidas– ou, nalgúns casos, consultivos –nos que a administración recolle as necesidades e propostas da poboación–, o que axudará, teoricamente, a orientar máis axeitadamente as súas decisións<sup>5</sup>.

Consideramos que na **nosa relación coa administración deberían primar as características dun proceso participativo corresponsable, onde colectivos e administración dialogaran de igual a igual co obxectivo de avanzarmos cara a unha democracia ecolóxica reflexiva e participativa. Neste caso a administración non se limita a recoller ou dar información, se non que existe ademais o compromiso de desenvolver as iniciativas consensuadas; de igual xeito, a cidadanía**

---

<sup>2</sup> DE CASTRO, R. (2000). Voluntariado Ambiental. Claves para la acción proambiental comunitaria. Binissalem: Di7

<sup>3</sup> HERAS, F. (2002). Entre tantos. Guía para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientales y sostenibilidad. Valladolid, GEA, scl.

<sup>4</sup> SUBIRATS, J. (2005). *Democracia, Participación y Transformación Social*. Paper V Conferencia OIPD. Donostia: Noviembre 2005.

<sup>5</sup> BLAS, A. E IBARRA, P. (2006). La participación: estado de la cuestión. *Cuadernos de trabajo de Hegoa*. nº 39, pp. 1-44.

**comprométese a participar activamente na execución destas decisións e velar polo seu cumprimento<sup>6</sup>.**

Co fin de concretar máis a nosa proposta, enumeramos a continuación algúns dos pasos que consideramos axeitado seguir na convocatoria, formato e contidos de xuntanzas con calquera dos organismos da administración municipal, autonómica e/ou central.

#### ***a. Sobre os obxectivos***

En primeiro lugar, **consideramos imprescindible a definición duns obxectivos claros e concretos para as xuntanzas**. Na actualidade, existen órganos consultivos, como o COGAMADES que, aínda que na nosa opinión incorrectamente, queren cumprir co obxectivo de informar a un conxunto de colectivos e persoas directa ou indirectamente afectados polas políticas da Consellería de Medio Ambiente. Polo tanto, se o obxectivo das xuntanzas propostas por esta consellería cos grupos ambientalistas é informar, xa existen órganos e procedementos legais para facelo sen necesidade de articular outros. E se eses organismos existentes non funcionan, a Consellería deberá contemplar a súa reforma no canto de crear outros que se solapen.

Se o que se busca e contar coa opinión e propostas dos grupos, consideramos que o máis aconsellable sería **convocar reunións sobre temas específicos, abertas a todas aquelas persoas e colectivos interesados**. En función do número de persoas e colectivos interesados articularíanse os mecanismos e as metodoloxías participativas máis axeitadas para a exposición dos datos, o debate e a recollida de propostas.

Insistimos, **consideramos extremadamente necesario desenvolver este tipo de procesos de xeito aberto e transparente e coa participación de todos os colectivos interesados. Entendemos que unha vez que existe vontade de constituír un colectivo diante dunha determinada problemática, esa vontade é suficiente para demostrar a existencia de cidadanía responsábel, acrescentando se cabe o dereito a participar inherente a esta condición.**

#### ***Sobre a convocatoria***

<sup>6</sup> PARDELLAS, M (2007). *Educación Ambiental e Participación: unha aproximación dende a avaliación dunha campaña de Educación Ambiental en clave participativa*. Documento inédito.

É preciso destacar aquí o pouco axeitado das formas empregadas habitualmente pola administración nas convocatorias de reunión: por norma xeral, fanse con pouco tempo de antelación, sen orde do día previo e sen definir claramente unha duración aproximada.

A convocatoria de xuntanzas nas que se busque realmente debater unha cuestión e avanzar en posíbeis solucións debería partir, en primeiro lugar, por unha correcta convocatoria:

- propor unha data con, cando menos, un mes de antelación
- enviar unha orde do día clara, realista atendendo a tempos e temáticas e acompañada da información pertinente (informes ou documentos que faciliten o desenvolvemento do traballo) cando menos con 15 días de antelación
- e cun horario acorde ás circunstancias dos colectivos potencialmente interesados e pechado (é dicir, con hora de remate definida).

### ***Sobre o formato e contidos***

Parécenos tamén necesario aclarar de antemán como vai ser o formato da reunión, é dicir, como van ser expostos o/s tema/s a tratar, quen participará por parte da Administración, como se distribuirá o tempo de exposición e debate e como se recollerán as aportacións dos participantes e que grao de vinculación para as administración terán as aportacións consensuadas, se as houber. Sobre este último punto, **consideramos especialmente importante a toma de actas de xeito correcto e exhaustivo.**

### ***Sobre o seguimento e a divulgación***

**A máxima de calquera proceso participativo debería ser a transparencia**, polo tanto, ao igual que consideramos necesario que sexan procesos abertos a todas as persoas e colectivos interesados, consideramos tamén que **os resultados e incluso as actas das xuntanzas que se produzan sexan divulgadas inmediatamente.**

Todos os documentos previos e posteriores deberían ser públicos e de fácil acceso para calquera persoa e/ou colectivo interesado.

Así mesmo, haberá que ter en conta como se integran as propostas das persoas e colectivos que, se ben non puideron acudir ás xuntanzas específicas, desexan participar activamente no seguimento deste tipo de procesos.

### *Algunhas consideracións finais*

A lexislación, especialmente a de carácter ambiental, obriga a unha serie de procedementos administrativos (información pública, alegacións, etc.) que haberá que ter en conta á hora de desenvolver este tipo de procesos participativos. Por tanto será preciso contar coa información suficiente como para que non se produza unha superposición de procedementos.

Consideramos tamén necesario ter moi claro que, a menos que estea claramente indicado, os representantes de colectivos neste tipo de xuntanzas non son máis que iso, representantes, e polo tanto non tomarán decisións taxativas nas reunións. As “propostas” das reunións teñen que volver ás organizacións para ser debatidas e detalladas e posteriormente modificadas, de ser o caso.

Por último, **asumir que os procesos participativos son procesos extremadamente complexos** e, en ocasións, lentos. **A precipitación é a peor das conselleiras no seu desenvolvemento e non fai máis que acelerar a chegada de novos conflitos**, en lugar de evitalos.